



# CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro s/n (2º andar) · CP 15320 · Telf. 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D

### **“BASES PARA A INSCRICIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO “CAMPAMENTO URBÁN DE NADAL 2022-2023”**

Convocatoria de prazo para a inscrición ao “Campamento Urbano de Nadal 2022-2023”, para a realización de actividades lúdico-educativas dirixidas a nenos e nenas do Concello das Pontes, durante os períodos de vacacións que permitan ás familias a conciliación e a súa promoción social e laboral.

A actividade vai desenvolverse durante as seguintes datas: **23, 26, 27, 28, 29 e 30** de decembro de 2022 e **2, 3, 4 e 5** de xaneiro de 2023, cun único horario de **9:00 a 14:00 horas**.

A actividade vai dirixirse aos nenos e nenas nados entre **2.011 e 2.019** do Concello das Pontes.

Número de prazas: **30**

Lugar de realización: centro educativo da vila.

O **modelo de inscrición** recollerase no departamento de Servizos Sociais 2º Andar (Casa Dopeso) e o **lugar de inscrición** será no **Rexistro Municipal do Concello**, desde o **5 ao 15 de decembro de 2022**, en horario de **8:30 a 13:30 h**, **previa cita en rexistro chamando ao : 667 12 93 89-667 12 93 80 ou** a través da sede electrónica: <http://sede.aspontes.com/es/index.html>. desde o **5 de decembro ás 00.00 h** ata o **15 de decembro ás 23.59 horas**.

### **ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E CRITERIOS DE ADMISIÓN.**

A adxudicación realizarase da seguinte forma:

3.1.) Adxudicación directa: Se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.

3.2.) No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas aplicaranse os criterios establecidos nestas bases.

Primeiro darase prioridade ás familias cuxa unidade familiar teña ingresos non superiores a 6,5 veces o IPREM 2019, límite que se incrementa nun 15% máis cando se trate de familias monomarentais/monoparentais ou familias numerosas.

Unha vez cumprido este requisito, terase en conta os criterios de valoración seguintes:

Craterios xerais	Puntuación
Familias nas que os dous proxenitores ou titores/as se atopen en situación laboral activa.	10
Familia monoparental/monomarental en situación laboral activa.	10
Familias nas que só unha das persoas proxenitoras está en situación laboral activa.	3
Familia monoparental/monomarental que non se atopen en situación laboral activa.	3
Familias que soliciten praza para máis dun/dunha menor	1 (por cada menor)

Craterios de carácter social	Puntuación
Familia numerosa categoría xeral	2
Familia numerosa categoría especial	3
No suposto que a nai/titora, pai/titor ou representante legal da persoa menor sexa cuidador/a non profesional dunha persoa en situación de dependencia (Lei 39/2006)	2
Por cada persoa con discapacidade na unidade de convivencia	1
Vítimas de violencia de xénero	3

Se non se cubren todas as prazas aplicando a prioridade do criterio económico, cubriranse con aquelas familias que non cumpran o criterio descrito da renda, previa valoración de criterios anteriores.

### **Para a xustificación destas situacións requírese a seguinte documentación:**

- Certificado de empadramento da unidade familiar (só no caso de non autorizar na solicitude)
- Fotocopia do DNI da/s persoa/s solicitante/s e menores, en caso de ser o primeiro ano de inscrición.
- Fotocopia do Libro de Familia (só no caso de ser o primeiro ano de inscrición).
- Declaración da Renda do 2021 ou xustificante de non ter a obriga de facela.
- Certificados de empresa conforme se está traballando e non en período de vacacións. **Dito documento deberá especificar que nas datas que solicita o campamento non ten programadas as vacacións (De non vir especificado será excluída a solicitude da baremación)**. Para as persoas que traballan por conta propia, entregarase fotocopia do último recibo de autónomos.
- Resolución do Programa de atención (PIA) onde se recoñeza a libranza para cuidados no contorno familiar por cuidador non profesional, para situacións de dependencia.
- Documentación acreditativa de asistir a formación ou situación similar
- Calquera outra documentación que se requira para xustificar as diferentes situacións baremables no apartado 4 de criterios de valoración das bases aprobadas para regular a actividade.

### **MOTIVOS DE BAIXA DA ACTIVIDADE.**

Causarase baixa automática no servizo, sen dereito a devolución da cota de inscrición, por calquera das circunstancias seguintes:

- Por solicitude propia.
- Por comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados.
- Por compatibilizar o campamento con outra actividade externa, no mesmo horario.
- Por falta de asistencia continuada durante máis de tres días sen causa xustificada.
- Por incumprimento reiterado das normas por parte do/a menor e da familia.

As baixas producidas por calquera dos motivos expostos cubriranse coas solicitudes da lista de agarda.

A baixa na actividade non dará lugar á devolución da cota de inscrición ou no seu defecto da parte proporcional correspondente.

### **COTA DE INSCRICIÓN.**

Establécese a seguinte **cota de inscrición: 40 € por inscrición**.



**CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER**  
**CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro s/n (2º andar) · CP 15320 · Telf. 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D

**BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN**  
**“CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2022-2023”**

**NOME DO/A MENOR:** \_\_\_\_\_ **DNI:** \_\_\_\_\_

**IDADE:** \_\_\_\_\_ **DATA DE NACEMENTO:** \_\_\_\_\_

**NOME DO/A PROXENITOR/A:** \_\_\_\_\_ **DNI:** \_\_\_\_\_

**NOME DO/A OUTRO/A PROXENITOR/A:** \_\_\_\_\_ **DNI:** \_\_\_\_\_

**DIRECCIÓN:** \_\_\_\_\_

**CONCELLO:** \_\_\_\_\_

**TELÉFONOS :** \_\_\_\_\_

**CORREO ELECTRÓNICO (En maiúsculas):** \_\_\_\_\_

**INDICAR TODO TIPO DE ALERXIAS:** \_\_\_\_\_

**TOMA MEDICACIÓN:** SI: \_\_\_\_\_ NON: \_\_\_\_\_

**NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS:** SI: \_\_\_\_\_ NON: \_\_\_\_\_

**AUTORIZA FOTOS E GRAVACIÓNS:** SI: \_\_\_\_\_ NON: \_\_\_\_\_

**AUTORIZA A COMPROBACIÓN DO  
EMPADROAMENTO DE OFICIO.** SI: \_\_\_\_\_ NON: \_\_\_\_\_

Asdo. A/s persoa/s proxenitora/s.

Unha vez confirmada a concesión de praza, procederase ao ingreso da cota na conta de ABANCA: **ES19-2080-0230-6931-1000-0012** ou ben no Servizo de Recadación do Concello sito na Avda Castelao nº 36, baixo.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informásemoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento forman parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de As Pontes de García Rodríguez, cuxa finalidade é a realización deste trámite. Os datos utilizaránse para as xestións municipais derivadas de procedementos e consultas que vostede inicia con esta solicitude. Así mesmo, infórmaselle de que en calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello..



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE  
Secretaría Xeral da Igualdade

